

{+34} 981 56 97 40

Rúa do Hórreo, 65  
15700, Santiago de Compostela  
A Coruña

info@comisiondatransparencia.gal


www.comisiondatransparencia.gal

REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 23/07/2021 9:56:42

SAIDA


11599/21




Reclamante:   
Expediente. Nº RSCTG 86/2021

Correo electrónico: 

**ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo da disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno**

Vista a reclamación presentada por  mediante escrito do 10 de xuño de 2021, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 20 de xullo de 2021, adopta a seguinte resolución:

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.**  presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 10 de xuño de 2021, unha reclamación ao amparo do disposto na disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso ante o Concello de Brión á memoria técnica e á proposta económica presentadas pola empresa que gañou a licitación da nova páxina web municipal.

O reclamante indicaba que presentara a súa solicitude o 6 de maio de 2021 sen ter recibido resposta.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada e do seu DNI.

**Segundo.** Con data do 14 de xuño de 2021 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante ao Concello de Brión para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A administración recibiu a solicitude o 15 de xuño de 2021.

**Terceiro.** Con data do 24 de xuño de 2021, o alcalde do Concello de Brión contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

Neste informe, en resumo, indica que non se tramitou a solicitude no prazo preceptivo dun mes dado que os servizos administrativos do concello carecen do tamaño necesario para atender todas as peticións que reciben.

Entrando xa no fondo do asunto, o rexedor local entende que non procede solicitar esa documentación ao abeiro da normativa en materia de transparencia, toda vez que non se atopa entre a información en materia de contratación que debe figurar nos portais de transparencia (art. 8.1, apartado a), Lei 19/2013), que xa foi obxecto de publicación.

Por conseguinte, alega que a normativa aplicable é a Lei 39/2015, que restrinxe aos interesados o dereito a acceder e a obter copia dos documentos contidos nos procedementos en que reúnan tal condición. Desta maneira, non se lle podería facilitar o acceso ao solicitante, que carece de vinculación co expediente administrativo.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

A disposición adicional quinta da lei establece que resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que se adscribe a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente para resolver.

## **Segundo. Procedemento aplicable**

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

## **Terceiro. Dereito de acceso á información pública**

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

## **Cuarto. Prazo para a interposición do recurso**

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

O Concello de Brión non resolveu a solicitude de acceso á información expresamente, polo que debe admitirse a reclamación por estar presentada en prazo.

#### **Quinto.- Análise do expediente**

Debe partirse da base de que a normativa sobre transparencia distingue dúas dimensións do dereito de acceso á información que non deben confundirse, tal e como pon de manifesto a Sentenza núm. 46/2017, do 22 de xuño, do Xulgado Central do Contencioso-Administrativo núm. 2 de Madrid.

Por unha banda, atopamos a transparencia proactiva, prevista no capítulo II do título I da Lei 19/2013. Consiste en que os titulares da información están obrigados a publicar, de maneira periódica e actualizada, a información que sexa relevante para que os cidadáns poidan coñecer o funcionamento e o control da súa actuación.

Por outra banda, encontramos a transparencia reactiva, que é o dereito de toda persoa de acceder á información pública, entendéndose esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato e soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación da Lei 19/2013 e que fosen elaborados ou adquiridos no exercicio das súas funcións.

Neste caso, o recorrente exercitaba o seu dereito de acceso á información pública para coñecer a memoria técnica e a proposta económica que presentou a empresa á que se lle adxudicou o contrato de deseño, implementación, posta en marcha, mantemento e

aloxamento da páxina web municipal (expediente [REDACTED]). Porén, a administración municipal alega que a información que debe ser de coñecemento xeral xa está publicada no perfil do contratante, de tal maneira que os cidadáns non teñen dereito a solicitar a que non figura aí.

O Criterio Interpretativo 9/2015, do *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, é moi claro ao afirmar que as obrigas en materia de publicidade activa “no delimitan ni prejuzgan [...] el derecho de acceso a la información que asiste a los ciudadanos”, toda vez que “la definición de información pública accesible a través del ejercicio del derecho de acceso [...] no restringe en modo alguno el contenido de esa información por estar o no sometida al régimen de publicidad activa”.

Deste xeito, o feito de que a administración non estea obrigada a publicar esa documentación non significa que os cidadáns non poidan exercitar o seu dereito de acceso con respecto a ela; senón que, máis ben, é precisamente nestas circunstancias cando aquel cobra máis sentido, porque a documentación interesada non pode obterse por outras vías.

Cabe destacar que resultaría impensable que a normativa en materia de transparencia detallase os documentos que deben facilitárselles aos cidadáns e os que non, dado que a casuística é moi complexa. Así as cousas, a amplitude da definición de información pública recollida no artigo 24.1 da Lei 1/2016 implica que, en principio, o dereito de acceso abrangue toda a documentación que obre en poder dun suxeito obrigado. En consecuencia, os límites que se lle impoñan deberán ser os mínimos posibles e sempre mediante unha resolución razoada.

Iso si, neste caso, parece procedente ofrecer audiencia á empresa [REDACTED] dado que é a autora da documentación interesada, para que, se é o caso, motive o menoscabo que o acceso podería provocar nos seus dereitos e intereses lexítimos (art. 24.3 Lei 19/2013). A administración deberá ter en conta, de ser o caso, o carácter confidencial da información contida no expediente de contratación, de acordo co artigo 133 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).

Finalmente, polo que respecta á existencia dun procedemento específico de acceso á información regulado na Lei 39/2015, cabe destacar que esta norma só é aplicable no caso do acceso por parte de quen teñan a condición de interesados nun procedemento administrativo en curso aos documentos que se integren nel (disposición adicional primeira, apartado 1, Lei 19/2013). Neste caso, o solicitante non reúne esa condición, tal e como alega a propia administración, e o procedemento xa está concluído, dado que expirou o prazo para recorrer a adxudicación previsto no artigo 50.1 LCSP.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

#### **ACORDA**

**Primeiro:** Estimar a reclamación presentada por [REDACTED] con data do 10 de xuño de 2021 contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso ante o Concello de Brión á memoria técnica e á proposta económica presentadas pola empresa que gañou a licitación da nova páxina web municipal.

**Segundo:** Instar ao Concello de Brión, a que, no prazo máximo de 10 días hábiles, responda ao interesado á petición de información solicitada, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

**Terceiro:** Instar ao Concello de Brión, a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esta Comisión da Transparencia copia do envío ao reclamante da información solicitada.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

Firmado digitalmente por 76706870F

MARIA DOLORES FERNANDEZ (R:  
S6500009C)

Fecha: 2021.07.22 11:53:19 +02'00'

María Dolores Fernández Galiño  
**Presidenta da Comisión da Transparencia.**